



SALVADOR SOBRAL

TIMBRE

23 de marzo

Auditorio de Galicia

20.30 h

Prezo: dende 35€ (+gastos de xestión)
Entradas en ataquilla.com

Timbre marca o esperado regreso discográfico de Salvador Sobral. O seu cuarto álbum de estudio inclúe once novas cancións orixinais, dez delas compostas por Salvador e Leo Aldrey e unha con autora de Luisa Sobral.

“O nome *Timbre* xurdiu por dúas razóns principais. A primeira, talvez a máis obvia, é porque antes de todo nesta vida eu sou cantor, un intérprete, e aquilo que máis me define e distingue é a miña voz, o meu timbre. A segunda razón é o feito de me interesar o concepto de timbre en canto cor, a cor da voz, a cor dos instrumentos. O disco será como unha paleta colorida de timbres que disparan claridade.

E hai unha terceira motivación para o nome do disco. É que timbre é igual en moitas linguas latinas e xermánicas. Escíbese igual e significa o mesmo. Parece que o concepto de timbre é universal e nos pon a todos de acordo”.



XABIER DÍAZ & ADUFEIRAS DE SALITRE

AXÚDAME A SENTIR

Auditorio de Galicia

13 de abril

20.30 h

Prezo: 14 €
Descontos do 50 %

Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre publican o seu cuarto disco en conxunto. Con el, e tras 10 anos de traxectoria continúan traballando na recuperación e dignificación da música tradicional transmitida polas mulleres das aldeas do país.

“Axúdame a sentir” dicíame Obdulía con frecuencia, a miña avoa materna. Nada hai máis necesario que sentir e tampouco hai momento máis acaído para perseguir ese verbo que os tempos nos que vivimos. Celebrar a non virtualidade, abrazarnos, escoitar, beber, bailar, sentir, escribir, debuxar, cantar, soñar...

O que acontece nun concerto é algo único e irrepetible: extínguese ao pechar o pano, mais á súa vez, é unha chama que prende e segue quentando o noso peito durante moito tempo. Ás veces acompañanos toda unha vida”.

VENDA DE ENTRADAS

ONDE?

- Preferentemente a través do portal compostelacultura.gal
- Despacho de billetes da Zona C. Punto de Información Cultural. Aberto de martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h. Teléfono 981 542 462
- Nos despachos de billetes dos espazos escénicos 1 hora antes do comezo dos espectáculos.

Descontos e entradas especiais naquelas funcións que así o indican:

- Descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e integrantes de familias monoparentais ou numerosas.
- Descontos non acumulables entre si. Só se pode aplicar un desconto por entrada.

AVISO!

Pregamos contraste a información actualizada na páxina web compostelacultura.gal



Compostela
Cultura

MÚSICA

PRIMEIRO
SEMESTRE 2024

AUDITORIO
DE GALICIA

TEATRO
PRINCIPAL



LEILÍA

ANQUE ME VOU, NON ME VOU

Auditorio de Galicia
13 de xaneiro
20.30 h

Prezo: 14 € | Descontos do 50 %

Neste espectáculo Leilía mestura temas novos, do último traballo discográfico *Vidas Cantadas*, con velas sonoridades. A combinación de tempos e sons está facendo agromar sentimentos de alegría, sorpresa, celebración, nostalgia..., dos que esperan o público se contaxie.

“Certo é que marchamos e dicimos adeus a palcos, teatros, festivais e tamén a probas de son, estudos de gravación, ensaios..., pero aínda que todo isto quede atrás, Leilía xa forma parte do imaxinario colectivo deste país e cada vez que alguén escolla un dos nosos temas nun pub ou no seu fogar..., cada vez que un pai lle poña á súa filla un vídeo para aprender unha canción, ou que un adolescente coa súa mestra practiquen un toque téndonos de referencia..., Leilía seguirá alentando e ese alento fará máis doada a nosa despedida, porque lle dará sentido ao noso labor”.

GUADI GALEGO

SÍNTESE HORIZONTE

Teatro Principal
26 de xaneiro
20.30 h

Prezo: 14 € | Descontos do 50 %
Estrea absoluta

No mes de setembro, Guadi Galego lanzaba co seu sinxelo ‘O.D.A.’ unha mensaxe ao mundo: “Estou tan viva. Sigo viva”. Logo da *Roibén* (2022) e dun tempo dunha simbólica ausencia nos escenarios do país, Guadi Galego segue a atravesar etapas sen esquecer que a vida existiu e persiste nela.

En 2024 regresa con *Síntese Horizonte*, un espectáculo concibido para representar, ao vivo, en tres únicas funcións sobre as táboas dos teatros de Galicia. *Síntese Horizonte* é unha aposta pola evolución do seu son, pois con cada disco e espectáculo, Guadi foi aprendendo a desaprender do establecido. Agora, na compañía dunha portentosa banda, e cunha coitada iluminación e posta en escena, confirmará o que ansiabamos ver, sentir e escoitar: o poder transformador da música ao vivo.

MARÍA JOSÉ LLERGO

ULTRABELLEZA TOUR

Auditorio de Galicia
24 de febreiro
20.30 h

Prezo: 14 € | Descontos do 50 %

María José Llergo ofrece con este novo traballo unha celebración do poder transformador do amor, a procura dunha visión artística auténtica que transcenda máis aló do flamenco. A liberdade e a beleza do diferente vertebran unhas temáticas nas que a diversidade e as novas sensibilidades son factores indispensables para alcanzar unha sociedade máis igualitaria e xusta. Un discurso apoderado dende a alegría dunha artista que transita por territorios vangardistas e sinfónicos sen renunciar ás súas raíces nun son único que foxe de clixés e etiquetas.

“*Ultrabelleza* é o lugar ao que chegaríamos se asumísemos que ser un mesmo, amar libremente, habitar o teu corpo á túa maneira, ter outra cor de pel, vir doutra cultura, sentir sen límite... non é algo malo, é o noso verdadeiro superpoder. Bendita a túa natureza e bendita por sempre o sexa. Non hai nada malo en ti, es ultrabelleza”

ABRAHAM CUPEIRO E ORQUESTRA GAOS

MYTHOS

2 de marzo
Auditorio de Galicia
20.30 h

Prezo: dende 15 € (+gastos de xestión)
Entradas en ataquilla.com

Con *Mythos*, Abraham Cupeiro convida a unha viaxe a través da música polas historias primixenias que os pobos crearon, dende tempos inmemoriais, para atopar unha lóxica á orixe do universo. Soará, por exemplo, o aúlós grego, cuxa invención se lle atribúe á deusa Atenea, un dos instrumentos máis representados na antigüidade. Das cinzas de Pompeia tamén se rescata o Cornu, unha xigantesca trompa que os romanos empregaban en campañas bélicas.

Mythos foi gravado en decembro do 2023 en Abbey Road Studios xunto coa Royal Philharmonic Orchestra. Neste concerto, Abraham estará acompañado pola Orquestra Gaos, nacida en 2009 e formada por 80 músicos de toda Galicia.

THINKING UP



Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela
981 552 290 (oficinas)
981 571 026 (despacho de billetes)

TEATRO PRINCIPAL

Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
981 542 347 (oficinas)
981 542 349 (despacho de billetes)

ZONA C. PUNTO DE INFORMACIÓN CULTURAL

Rúa do Preguntoiro, 1 (Praza de Cervantes)
15704 Santiago de Compostela
981 542 462

- COMPOSTELACULTURA
- CCULTURA
- COMPOSTELACULTURA
- COMPOSTELACULTURATV
- COMPOSTELACULTURA.GAL

